



Como xorde o Partido Galego

O Partido Galego xorde como resposta a necesidade dunha política útil para Galicia.

A nosa terra vive nun continuo retroceso: falta de boas comunicacións por camiños de ferro, peaxes desorbitadas, cidades coma Lugo e Ferrol totalmente incomunicadas co resto do país, etc.

Os sucesivos gobernos que houbo, nunca tiveron un verdadeiro interese en situar Galicia á cabeza do progreso, que é onde debería de estar; simplemente se adicaron a regalar os nosos recursos sen un retorno para a nosa terra. E todo isto baixo a aparencia dun falso galeguismo e vendendo a etiqueta de que son galegos coma ti.

Galicia precisa proxectarse en Europa, amosar as súas fortalezas e oportunidades e ser unha rexión de interese para investimentos.

Como terra destacada pola súa paisaxe, polos seus ríos e praias, debemos asegurar o coidado dos seus ecosistemas, desbotando calquera actividade que poida exterminalos ou afectalos.

Galicia precisa dun partido que mire pola terra con total independencia doutras forzas políticas, así como tamén no Parlamento Europeo debemos de ter total autonomía.

O Partido Galego pretende seguir a estela marcada polo Partido Galeguista de 1931, no que confluían persoas de distintas correntes e sensibilidades, que estaban unidos polo amor á nosa terra e o valor desta.

Os eixos fundamentais do Partido Galego son:

Galeguismo: defensa da nosa terra, o noso patrimonio, a nosa economía, a nosa cultura e a nosa lingua. En definitiva, da nosa identidade.

Rural: englobando neste punto tanto o rural de montaña (agricultura, gandaría e sector forestal) coma o rural do mar (pesca, marisqueo, etc). Debemos facilitar e impulsar a vida nas áreas rurais e zonas produtivas do sector primario, asegurando a continuidade destas actividades, enlazándoas co sector industrial para darlle valor engadido e evitando a despoboamento.



Ecoloxismo: na liña da defensa do noso entorno, dándolle prioridade e esixindo que calquera proxecto que se leve a cabo non sexa contaminante nin afecte negativamente ós nosos ecosistemas, e especialmente á auga potable, un ben cada vez máis escaso e prezado no mundo.

Puntos relevantes do noso programa electoral:

- Impulsaremos e potenciaremos a nosa Eurorexión, formada por Galicia e o Norte de Portugal, que se configura actualmente como un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, cheo de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro.
- Galicia xoga un papel de centralidade estratéxica entre Europa e América, ca que mantemos fortes lazos debido á gran emigración da nosa xente. Cabe destacar tamén que Galicia é o lugar do mundo por onde hai máis tránsito de barcos e avións, feito que debe repercutir dun xeito positivo no desenvolvemento da nosa economía.
- Temos unhas rías cun valor produtivo único do mundo e somos a terra dos mil ríos, polo cal ten que ser unha prioridade a preservación e mellora das nosas rías, ríos e mares de tódalas ameazas que o mundo actual supón, así coma o desenvolvemento sostible de todo o tecido económico e produtivo relacionado.
- Preservación e restauración do noso patrimonio cultural e arquitectónico (Galicia conta co 55% de todo o patrimonio do Estado).
- Apoio e mellora das condicións dos nosos autónomos, equiparando as súas cotas ás do resto de Europa, que son moito máis equitativas.
- Recursos enerxéticos. Estamos a ver que os recursos naturais e enerxéticos de Galicia non teñen un retorno ao pobo galego. Por iso hai que recordar o símil da vaquiña de Castelao co lema de que "A nosa terra é nosa" para facer viable o retorno dun beneficio económico pola explotación dos nosos recursos e enerxías.

Toda a riqueza natural da nosa terra, así como a súa situación xeográfica, ten que servir para mellorar a vida do noso pobo así como conseguir o retorno do noso talento emigrado e a creación de empresas sostibles de I+D+I

OLGA DOURADO GONZÁLEZ



Rianxeira que no eido profesional leva máis de 30 anos como servidora pública, como funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala de Secretaría-Intervención.

A súa experiencia laboral e formativa dótaa de capacidade para resolver os retos que presenta a nosa terra, sendo a candidata ideal para representarnos no Parlamento Europeo.

CANDIDATURA 100% GALEGA

OLGA DOURADO GONZÁLEZ
JUAN VIDAL TORRADO
PATRICIA RODRIGUEZ CRUZ
RAMON PADRON CALVIÑO
M^ª MONTSERRAT ALMOZARA CORDEIRO
MIGUEL MIGUEZ MAGDALENA
RAQUEL FONDO PÉREZ
FRANCISCO VILLANUEVA GONZALEZ
ANA MARIA VILA GASPAS
DANIEL LICERAS PASCUAL
ELVIRA TURNES RIOS
JOSE LUIS BARDANCA ROJO
SAMUEL NIETO MARTA
ANXO MANUEL FRANCO VIDAL
NEREA VICO GONZALEZ
CESAR PAZOS CARRERO
ANA ISABEL POVEDA CORRAL
JOSE RAMON PEROL UZAL
ANA BELEN BARGIELA REGO
ENRIQUE JOSE GEADA ARCA
MARÍA MÓNICA REGOS CASAL
JOSE MANUEL LISTE LIÑARES
ALFONSO NOYA IGLESIAS
ARMANDO YAÑEZ DIAZ
MERIDA GONZALEZ MARIA JESUS
PADIN MIGUEZ ALFONSO
AMELIA VIEITES NOVID
PARADA MAROÑO JOSE MANUEL
SANDRA PEREZ LORENZO
JONATHAN BARRAL OTERO
ISABEL GARCIA BELLO
ENRIQUE RODRIGUEZ RAVIÑA

SANTIAGO
PONTECESO
CARBALLO
BARBADAS
SANTA COMBA
O GROVE
PONTECESO
LUGO
MONTERROSO
OURENSE
SANTA COMBA
CARBALLO
BAIONA
DDDRO
BRION
VIGO
O GROVE
PADRON
VIGO
O VALADOURO
SANTIAGO
TRAZO
RIANXO
LUGO
ASTURIAS
O GROVE
SANTIAGO
ARZUA
CARBALLO
SANTIAGO
LUGO
TOURO

JOSE LUIS BALBOA ROMALDE
SERGIO GUNDIN VILANOVA
MARIA LUISA SABUGUEIRO BOUZAS
JUAN FRANCISCO OTERO GONZALEZ
PILAR MARTINEZ CABALLERO
GERMAN PABLO VALCARCE GONZALEZ
MARCOS VAZQUEZ PEROL
MARIA CRISTINA BARCIA BARCIA
MATILDE PRIETO TORRES
ANGEL CESAREO ARES GARCIA
CRISTINA NÚÑEZ DÍAZ
GONZALO RODEIRO LOUZA
FERNANDO GOMEZ COELLO
OSCAR BLANCO GARCIA
MONICA MARTINEZ CASTRO
ALDO ARTEMIO SIERRA GONZALEZ
ANA LUCIA BARCIA BARCIA
FRANCISCO XAVIER GÓMEZ CURRÁS
YOLANDA FONDO PEREZ
MARCO BARDANCA MATO
LUCIA TORRES VIGO
JAVIER IGLESIAS MATO
FERNANDO ARES IGLESIAS
MARIA CONSUELO NUÑEZ CASTRO
JOSE DAVID BARCIA MONTES
JUAN JESUS ROZAS NEIRA
MIGUEL ANGEL VEIGA NOVDA
ALMUDENA MORENO NARVAEZ
XESUS ARES GOMEZ
ALEJANDRO SANCHEZ BARREIRO
MARIA JESUS DOBARRO FREITAS
JERONIMO ENRIQUE AGRAFOJO PIÑEIRO

AMES
CARBALLO
ROIS
O GROVE
LUGO
SANTIAGO
SANTIAGO
SANTA COMBA
O GROVE
SANTA COMBA
LUGO
TOURO
VILAGARCIA
SANTIAGO
CARBALLO
SANTIAGO
SANTA COMBA
VIGO
PONTECESO
CARBALLO
BOQUEIXON
SANTIAGO
BOQUEIXON
LUGO
CARBALLO
LUGO
LUGO
SANTIAGO
SANTIAGO
SANTIAGO
LUGO
NOIA

Galicia rexorde.

O Partido Galego nexo de unión do galeguismo



Galicia fin da terra e centro do mundo

www.partidogalego.gal

info@partidogalego.gal

<https://www.youtube.com/channel/UCJkxzaMNwEaqD8yQQzeXW5g>

<https://www.facebook.com/PartidoGalego/>

<https://www.instagram.com/partidogalego/>